



CLUBE DE MONTAÑA XISTRA

Rúa Zaragoza 62 baixo (fondo do patio)

Apdo. Correos 5.430 – 36200 VIGO

Tel./Fax 34 886 11 70 11

info@xistra.org

Vigo, 11 de xaneiro de 2013

Percorrido esquí por montaña e raquetas

Data/s: 10 de febreiro de 2013

Zona: Serra de Ancares - Lugo

Estimados compañeiros:

Dende o Clube de Montaña Xistra desexamos convidaros ó Percorrido de esquí por montaña e raquetas da FGM, que este ano temos a honra de organizar na Serra de Ancares.

Desexamos que lle deades a máxima difusión entre os vosos asociados e agardamos a vosa participación nesta interesante actividade.

Descrición Xeral:

Actividade federativa galega de Percorrido esquí por montaña e raquetas. É un percorrido non circular e de alta montaña galega. A actividade é esixente, e non está prevista a asistencia nin traslado de materiais. Os participantes deberán contar cunha boa preparación e levar todo o necesario para o a actividade.

Percorrido:

Domingo 10 de febreiro:

Saída: Dende Porto Ancares, as 9 da mañá no aparcadoiro (1669m), subida por Reguera de Cabana, Reguera de Cuiña, Alto de Cuiña (1992m), Pena Longa (1896m), Mallada do Mostallar (1709m), O Mostallar (1935m), descenso a Campo Redondo,

Clube de Montaña Xistra



CLUBE DE MONTAÑA XISTRA

Rúa Zaragoza 62 baixo (fondo do patio)

Apdo. Correos 5.430 – 36200 VIGO

Telf./Fax 34 886 11 70 11

info@xistra.org

*Braña Vella, Teso do Campo e finalización en Piornedo (1200m),
cunha lonxitude total de 13km.*

Finalizada a marcha haberá un xantar opcional de confraternidade.

Regulamento:

- 1-. Esta actividade terá lugar o día 10 de febreiro de 2013, na Serra de Ancares (Lugo).
- 2-. Poderán participar unicamente montañeiros federados.
- 3-. Os deportistas deberán ir provistos do material e prendas adecuadas para a actividade e provisións de alimentos e bebida, sendo obrigatorio levar crampóns, piolet, compás ou GPS e casco, recomendable ARVA .
- 4-. A Organización só dará asistencia no punto de partida e chegada.
- 5-. As inscricións efectuaranse na F.G.M., ou chamando ó Clube de Montaña Xistra, antes do día 5 de febreiro (martes). Fax da FGM 986207407. Móbil 654165730 (só consultas)
- 6-. Os participantes nesta actividade asumen a aceptación completa deste regulamento. Calquera cuestión ou dúbida será resolta pola Organización, e a súa decisión será de obrigado cumprimento.
- 7-. Os participantes comprométense a seren respectuosos ó máximo co contorno. Queda prohibido totalmente deixar lixo ou residuos.
- 8-. A Organización non se fai responsable de ningún tipo de accidente.

9-. A Organización reservase o dereito de modificar as datas e lugar de celebración en función da climatoloxía e presenza de neve, polo que se recomenda que no documento de inscrición se faga constar un número de teléfono preferiblemente móbil para a súa confirmación.

Nota: Esta actividade pódese catalogar de dificultade media.

Clube de Montaña Xistra